

ENQUISA GALEGO Suxestións e posibles iniciativas

Desde o **STEG** queremos animarvos a que desde as direccións dos centros, os EDNL, e o conxunto do profesorado e da comunidade educativa, sexamos quen de **promover iniciativas** encamiñadas a ofrecer unha **información rigorosa** sobre a enquisa que a Consellaría de Educación vai facer a nais e pais sobre o emprego da lingua no ensino.

Entendemos que a campaña mediática realizada, ofrecendo unha **visión distorsionada** da auténtica realidade que vivimos nos centros, así como o propio deseño e aplicación da enquisa, teñen por obxectivo obter un respaldo social que xustifique as seguintes **medidas involutivas** a respecto do galego no ensino. Xa que logo, para o **STEG**, esta enquisa nace deslexitimada no fondo e na forma, polo que os resultados derivados dela tamén o serán.

Suxerimos neste infeliz contexto as seguintes **iniciativas e accións**:

1. Asumir desde os centros a impresión e o envío ás familias do **díptico** "As linguas suman", realizado pola **Coordenadora Galega de EDNL**.

2. Promover e realizar sempre que sexa posible **charlas informativas entre nais e pais** a respecto da xestión e redacción da enquisa, así como da realidade vivida no voso centro no tocante ao ensino en galego. Neste sentido, o STEG elaborou tamén unhas "*Reflexións sobre a presenza do galego no Ensino*".

3. Divulgar e realizar **entre o alumnado**, igualmente, **debates** sobre o tema, co obxectivo de promover valores democráticos en torno á reflexión honesta sobre a toma de decisións que afectan ao conxunto da sociedade.

4. Consideramos, ademais, que se lle debe dar a **máxima difusión** posible **a todas aquelas valoracións que dean luz** sobre un tema que está a ser obxecto de demagogia e oportunismo político. Neste sentido, o **documento conxunto** realizado por varias organizacións, entre elas o **STEG**, e enviado aos centros por **Nova Escola Galega**, representa unha resposta democrática a un intento claro de manipulación da opinión pública.

Secretariado Nacional do STEG

todos os documentos mencionados arriba, podedes consultalos e baixalos desde a nosa web